

Cara a unha poética feminista é unha homenaxe á traxectoria vital e literaria de María Xosé Queizán. O volume, coordinado por Manuel Forcadela e Camiño Noia, reúne un conxunto extenso e heteroxéneo de textos: dezaseis artigos teóricos, unha ampla biografía e bibliografía, dúas entrevistas e varias homenaxes e agradecementos. A través da súa lectura (re)coñecemos a personalidade e a proposta ideolóxica dunha muller inconformista, subversiva e comprometida co seu tempo.

Fronte á orde patriarcal, que reduce as mulleres á natureza e á esencia, Queizán propón un feminismo “racionalista”, coa ciencia e a cultura como aliadas da igualdade e a liberdade; “nacionalista”, reformulando o concepto de nación dende o feminismo e non á inversa e “activista”, co fin de concienciar e mobilizar ás mulleres contra a manipulación do Patriarcado e do Capitalismo. Deste xeito, María Xosé acha que a opresión feminista vai paralela á da nación e explica os seus estereotipos e prexuízos por razóns históricas e sociais. Propón rachar co colonialismo e o patriarcado a través da normalización lingüística e a equiparación da muller, conservando a identidade. Para Queizán, sen a liberación da muller galega non pode darse a liberación de Galicia, e esta ha de facerse dende dentro, máis alá das dicotomías positivistas.

Dicir Queizán

Precursora e pioneira

ROCÍO MOAR QUINTELA



A autora revélase contra a visión patriarcal da sexualidade, que somete ás mulleres no ámbito privado e tolera a existencia da prostitución, cuxa legalización considera inadmisibile. Mentres, defende unha sexualidade máis completa e complexa, desvinculada da reprodución, do matrimonio e do amor. Revisa os mitos femini-

nos clásicos e propón novos universos simbólicos, reconquistando o espazo do corpo feminino como suxeito de desexo e de pracer.

A súa poesía, conceptual, madura e comprometida, vai evoluíndo coa revisión e reformulación da historia lírica occidental e coa identificación, a través da metáfora, da ideoloxía patriarcal enraizada na linguaxe. A “Festa da Palabra Silenciada” converteuse dende 1983 nun espazo de visibilización, debate e estímulo á literatura das mulleres e un exemplo de resitencia política e cultural.

Disidente ata consigo mesma, someteu a súa obra a unha constante

María Xosé Queizán
somete a súa obra a unha
constante eséxese

eséxese, evoluíndo cara a un feminismo radical, ilustrado e tamén pacífico. Ante o simulacro da superación dos discursos feministas, anima a seguir loitando pola liberdade da muller, cuestionando a realidade e proponendo solucións concretas para construír un mundo mellor e unha sociedade máis xusta.

As numerosas fotografías ao longo do tempo axúdannos a reconstruír a vida e a obra dunha muller precursora e pioneira na defensa dos dereitos da muller en Galicia.

VV.AA., *Cara a unha poética feminista*, Ed. Xerais, Vigo, 2011, PVP.20 €